



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 14 DE XULLO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL GÓMEZ VAZQUEZ (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO(GRUPO MIXTO)

D. Secretario Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D.^a Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 16:30 horas do día 14 de xullo de 2015 réunese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.



Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes, moitas grazas a todos pola vosa presenza, especialmente ao público evidentemente, este pleno é un pleno extraordinario que se convoca a petición do Grupo Popular e crea uns requisitos para ser convocado en tempo e forma. A voceira do Partido Popular acaba de pedirme expresamente a ampliación do tempo de intervención, ten un minuto máis, polo tanto tamén teredes todos un minuto máis, se o considerades e o solicitades. A partir de hai, indicar tamén, como dicía antes, tratase dun pleno extraordinario, polo tanto ao final do pleno non hai a posibilidade nin de rogos nin de preguntas.

PARTE RESOLUTIVA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR (18/06/2015).

O sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro punto da orde do día é a aprobación da acta anterior. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra?

Sen máis, sométese o asunto a votación resultando, aprobada por unanimidade o seguinte acordo:
“aprobación da acta da acta anterior de data 18 de xuño de 2015”.

2.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADAS SOLICITANDO AO CATASTRO A REDUCIÓN DA PONENCIA DE VALORES CATASTRAIS DO CONCELLO DE BARBADAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde do día e a moción do Partido Popular de Barbadás, solicitando ao catastro a redución da ponencia de valores catastrais do Concello de Barbadás, ten a palabra a súa voceira ou voceiro.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a toda a corporación, e aos veciños que nos acompañan hoxe a tarde nunha hora intempestiva para todos.

O Partido Popular de Barbadás segue a traballar dende a oposición en beneficio dos seus veciños.



A base imponible do IBI está constituída por o valor catastral dos bens inmobles. A cota integra deste imposto é o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame establecido entre o 0,4% e o 1,10 % para os bens de natureza urbana. Desta forma o Concello de Barbadás fixou no ano 2014 un tipo impositivo no mínimo legal de 0,4% para o recibo de contribución do ano 2015.

Tendo en conta que existen diferenzas substanciais entre os actuais valores do mercado e as que servisen de base para a determinación dos valores catastrais vixentes, consideramos necesario se inicie un procedemento de valoración colectiva de bens inmobles co obxectivo de obter uns valores catastrais máis adecuados á realidade actual.

O procedemento de valoración colectiva de carácter xeral é o proceso mediante o que se actualizan simultaneamente os valores catastrais de todos os inmobles dunha mesma clase dun municipio coa finalidade de homoxeneizalos e referencialos uniformemente cos valores de mercado.

Este procedemento iniciase de oficio á instancia do Concello correspondente coa aprobación dunha ponencia total cando respecto á totalidade de bens inmobles dunha mesma clase se poñan de manifesto diferenzas substanciais entre os valores do mercado e os que serviron de base para a determinación dos valores catastrais vixentes, que é o caso do Concello de Barbadás.

Os procedementos de valoración colectiva de carácter xeral requiren a aprobación dunha ponencia de valores totais. Esta ponencia recollen os criterios, módulos de valoración, planeamento urbanístico e demais elementos precisos para a determinación do valor catastral de cada ben inmueble. Se levan a cabo pola Dirección Xeral de Catastro e previamente a súa aprobación se someterán a informe do Concello que o solicite.

Atendendo á alteración do mercado inmobiliario, que trouxo como consecuencia unha desviación significativa dos valores de mercado e habendo transcorrido cinco anos dende a entrada en vigor dos valores catastrais derivados do anterior procedemento o Grupo Popular de Barbadás expón a seguinte moción:

A lei 16/2012 de 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das fianzas públicas e ó impulso da actividade económica, modifica o artigo 32 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, establecendo no seu apartado segundo que “ as leis de Presupostos Xerais poderán actualizar os valores catastrais dos inmobles urbanos dun mesmo municipio por aplicación de coeficientes en función do ano de entrada en vigor do correspondente relatorio de valores do municipio”



En cumprimento deste precepto, a Dirección Xeral do Catastro realizou estudos sobre a situación dos valores catastrais nos distintos municipios, atendendo á data de aprobación das ponencias de valores totais vixentes.

A Dirección Xeral do Catastro estima que o nivel actual do mercado inmobiliario é similar ó correspondente a principios do exercicio 2004 e finais do 2003, polo que para os municipios cuxa ponencia de valores se aprobou neses anos, non se considera necesaria a aplicación de coeficientes de actualización.

Nos municipios cuxa ponencia de valores é posterior a 2004 (como é o caso do Concello de Barbadás) entende a Dirección Xeral do Catastro que os valores catastrais se encontran de promedio por encima do 50% do valor de mercado, polo que propón coeficientes de decrecemento.

O artigo 32.2 a) establece que non se poderá solicitar a aplicación destes coeficientes ata que transcorran ó menos cinco anos desde a entrada en vigor dos valores catastrais derivados do anterior procedemento de valoración colectiva de carácter xeral (no Concello de Barbadás a ponencia de valores foi aprobada no ano 2008) e que dita solicitude debe realizarse no exercicio anterior á súa aplicación.

A contía do coeficiente será necesaria para que os valores dos municipios, en termos de promedios, se sitúen no 50% do valor do mercado.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Barbadás, propón ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- De acordo co disposto no artigo 32.2 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por RDL 1/2004, 5 de marzo, comunicar á Dirección Xeral do Catastro a solicitude de aplicación aos valores catastrais dos bens inmoables urbanos deste termo municipal, dos coeficientes que para o seu decrecemento estableza ó efecto a Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, previa apreciación polo Ministerio de Facenda e Administración Públicas da concorrencia dos requisitos legalmente establecidos.

2.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a realización de todos aqueles actos de trámite e a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Quería antes de nada facerlle unha pregunta a señora Interventora para que todos superamos mellor o alcance que pode ter e a repercusión que pode ter esta adopción desta medida, para que todos tiveramos antes de empezar a intervir un coñecemento preciso das consecuencias deste feito, de adoptar esta medida a pregunta é concreta ¿ cal pode ser a repercusión



económica da redución ou da aplicación deste coeficiente corrector nas arcas do Concello? Moitas grazas.

A sra. Interventora toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas, bueno en primeiro lugar dicir que os servizos de recadación están delegados na Deputación Provincial de Ourense, a moción recibíuse o xoves polo que non foi posible que se remitise informe desta Administración neste tempo. En consecuencia os datos de que se dispón son unha estimación do resultado de aplicar esta medida no ano 2015.

A previsión da recadación do Concello de Barbadás en concepto de IBI ascende a un millón oitocentos trinta e cinco mil euros (1.835.000 euros).

Esta previsión modificada polo coeficiente de actualización aprobada na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, en relación ás ponencias que entraron en vigor no ano 2008 é do 0,71 o que suporía unha redución de cincocentos trinta e dous euros aproximadamente (532 euros).

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto.

O sr. Ramón toma a palabra: Dende o xoves que foi cando recibimos a moción, e pedimos información e como di ahí a Interventora que reconece que todavía non se pudo emitir un informe por parte da Deputación, ¿creo que entendín non? para saber o impacto que ten esta medida no presuposto do Concello, ao noso parecer, pois o tempo de manobra é moi pequeno, é unha medida que supón, o sexa é moi importante para o presuposto do Concello e creemos que é un prazo moi corto de tempo, incluso creo que se debería reunir unha xunta de portavoces para estudalo, pensamos que deberíanse rebaixar os valores catastrais evidentemente porque si cando o Estado reconece que están sobreelevados e non cumpren a súa función, están por encima incluso do valor do mercado está claro que hai unha anomalía, e é unha anomalía que debemos solucionar, ¿como solucionar esa anomalía? Pois en catro días sen apenas información, parécenos creo que moi precipitado, e incluso anormal, non nos parece moi correcto, o lóxico sería pois xuntarse os portavoces, fálalo, e mirar se podemos chegar a un acordo, e mirar onde se pode suplir esta rebaixa de ingresos, mirar como está o Concello, onde se gasta o Concello os servizos que presta e si isto vai a repercutir en servizos que da o Concello, que non o sabemos, estamos falando segundo dixo a Interventora por unha estimación, non temos o informe real da Deputación, que o deberíamos ter aquí enriba da mesa para levar a cabo este pleno. Ter toda a información posible para poder tomar unha decisión, está falando de cincocentos e pico mil euros, nos non sabemos, dende compromiso nunca estivemos no goberno non sabemos o que iso supón na prestación de servizos por parte do Concello, e incluso si se puidera ao mellor para suplir



esta baixada de ingresos o mellor volver a subir o tipo do IBI faga no 0,4 % e se dice que pódese subir a 1,10%, que cantidade sería esa, tampouco o sabemos, na recadación que hai no Concello a cantidade que sería iso, entón nós creemos que é unha cousa moi importante como falamos o outro día do Centro de Saúde, para decidilo en catro días sen apenas información, isto afecta a moitísimas persoas, afecta a todos os que pagamos o IBI e as persoas que perciben servizos, e que percibimos servizos por parte do Concello, entón eu creo que é para sentarse nunha mesa e debatilo máis razoablemente por que son moitas cousas as que afectan, entón así para empezar o debate eu creo que non teño nada máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana

A sra. Varelas toma a palabra: Boas tardes a todos, vamos a ver aquí non só se trata o tema do IBI, aquí hai algo máis, vamos a ver se está medida non se leva a cabo o que expón o PP, que estou moi de acordo con ela nun motivo, é que cando hai unha venta hai moita xente que está pagando complementarias porque realmente hoxe os valores catastrais están moi altos, e a realidade do mercado eu seina moi ben, porque traballo nunha inmobiliaria e que a vivenda no Concello de Barbadás, ou no de Ourense baixou en torno ao un 30% entón realmente temos que adaptarnos a iso. Outro tema é que o Concello quede sen diñeiro, entón é certo que para dar uns servizos hai que haber diñeiro, temos que facer dalgunha forma entre todos que poidamos recadar diñeiro, e a forma é do 0,4% que se está pagando agora pois aplicar unha subida nese tipo, pero os valores catastrais hai que baixalos porque non só afectan ás vendas afectan ás herdanzas, é que Señor Padrón non sei si tu te das conta, aquí non só estamos falando de IBI, o IBI é a puntaña, pero detrás das valoracións catastrais hai un mundo de cousas porque eu pola miña profesión estou vendo pagar moitas complementarias, e o cal o diñeiro das complementarias vai para a Xunta, non queda no Concello de Barbadás, sen embargo se de o 0,4% de contribución, de IBI, si se sube a un 0,6% , ese diñeiro quedanos a nós, e podémolo destinar en beneficio do Concello, entón tedes que estudar iso, porque non pode pagar un colectivo tan tan grande este tema solo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira do grupo do BNG.

A sra. Anxela toma a palabra: Bueno, boas tardes a todos e a todas, bueno señores e señoras do Partido Popular, eu supoño que vostedes saberán o contido da moción pola que nos convocan a un pleno extraordinario, daquela tamén serán conscientes de que isto xa se podía ter feito no ano 2013, non sei si se lembran que no ano 2013 gobernaban vostedes con maioría absoluta, entón dende o Bloque Nacionalista Galego preguntámonos o seguinte, ¿ porqué non o farían antes se era tan



importante e ademais tan xusto para todos os veciños e as veciñas?

En definitiva, vostedes o que pretenden con esta moción na práctica é solicitar unha rebaixa lineal, igual para todo o mundo dun 29% dos valores catastrais dos bens inmobles do noso Concello, se verán vostedes que isto de aplicarse pode supor unha diminución como acaba de dicir a señora interventora de arredor de 600.000 mil euros, dende o noso punto de vista o máis coherente sería que ademais de traer ao Pleno está rebaixa de ingresos para o Concello de 600.000 euros, trouxeran tamén, presentasen a carón desa moción, unha proposta de que servizos se van a retirar aos veciños e as veciñas. Por exemplo poderíamos aforrar eses 600.000 euros, pechando a Escola de Música, que lle vale 200.000 euros ao ano a este Concello, ou despedindo as traballadoras de servizo de axuda no fogar e deixando ás persoas que o necesitan sen ese servizo, ou podemos pechar o Polideportivo, que se acaba de abrir, ou se queredes deixamos aos nenos e nenas dos colexios en inverno sen calefacción, ou nos quedamos sen servizos de conciliación da vida familiar ou laboral como pode ser o Bos Días Cole, que vostedes puxeron en marcha e así llo recoñecemos. Por favor díganlles aos veciños e veciñas de que servizos imos a ter que prescindir para poder levar a cabo esta moción, por coherencia. Para o Bloque Nacionalista Galego, está razón xa sería suficiente para votar en contra, porque para prestar servizos hai que recadar impostos, ademais de non tirar os cartos claro, nós intentaremos non tiralos, pero hai outra razón igual de importante para nos é unha razón de xustiza e equidade social. Co que vostedes propoñen unha persoa que teña unha casa valorada en 30.000 euros actualmente pagaría a redor de 120 euros, e co que vostedes propoñen pasaría a ter un valor catastral de 21.000 euros e pasaría a pagar aproximadamente 82 euros, o aforro neste caso sería de 40 euros, pero unha persoa que teña unha casa de 300.000 euros, que hoxe pagaría 1.200 euros pasaría a pagar 400 euros, aforraría 10 veces máis co anterior, hai está a inxustiza do plantexamento lineal que traen vostedes hoxe a este Pleno, por iso o Bloque Nacionalista Galego presenta esta enmenda para modificar a carga impositiva de tal forma que quen máis ten, soporte máis carga fiscal, convidámoslos a que acepten esta enmenda e que entre todos e entre todas artellemos unha nova ordenanza fiscal do IBI na que establezamos modificacións en función das distintas circunstancias sociais das familias, e se grave máis a quen teñan máis propiedades, a quen teña pisos valeiros, etc,

Para o Bloque Nacionalista Galego non se trata de subir ou baixa impostos unicamente, trátase de que a carga impositiva se reparta de forma equitativa e xusta.

A enmenda de substitución que presenta o Bloque Nacionalista Galego e a seguinte:

- Instase ao goberno do Concello de Barbadás para que durante o ano 2015 convoque unha



comisión especial de Facenda con representación de todos os grupos políticos do Concello de Barbadás para estudar o sistema impositivo do Concello e establecer medidas correctoras que permitan introducir factores sociolaborais para garantir un sistema máis progresivo dos tributos municipais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ¿aceptan a enmenda por parte do Partido? Non, ¿non a queren presentar como moción alternativa?

A sra. Ánxela toma a palabra: Non

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista

A sra. Morenza toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas, pois ben para o Grupo Socialista dous termos son moi importantes, o de Coherencia e o da Progresividade.

Dous conceptos que son fundamentais para a política fiscal para que teña credibilidade e para sexa efectiva.

O Grupo Socialista reclamou ao longos dos últimos anos, o Partido Popular sabeo ben, de xeito coherente que o tipo do IBI se reducirá no noso Concello ata o mínimo legalmente permitido. As nosas propostas foron sistematicamente ninguneadas polo goberno do Partido Popular co argumento de que con esa redución non sería posible manter moitos servizos.

Pero a poucos meses das últimas eleccións municipais o PP cambiou de idea e aceptou reducir o tipo do imposto cun único obxectivo, o de manterse no goberno.

Falaban antes de coherencia, ¿onde está a coherencia do Partido Popular cando a proposta que agora traen ao Pleno Extraordinario podía ter sido aprobada xa nos anos 2013 e 2014? Hai que lembrar que nesas data o PP gobernaba con maioría absoluta e podía aprobar a proposta de hoxe sen problema algún. Pero non o fixo. Durante dous anos ocultouse información á oposición pero sobre todo á cidadanía.

Agora xa rematando o prazo, o Partido Popular presenta esta moción para solicitar a Catastro unha redución da ponencia de valores catastrais en Barbadás. Pois ben, tiveron cinco meses nos que estiveron gobernando para poder facer esta petición.

A conclusión resulta moi clara, no caso de que seguirán gobernando o Partido Popular non pediría agora esta revisión.

Ós efectos prácticos de aprobación desta moción do Partido Popular supón unha redución do 29% do recibo do IBI a todas as vivendas do Concello de Barbadás, independentemente de que sexa unha vivenda de alto standing, de clase media, ou unha vivenda humilde.



Está circunstancia atenta contra o principio de progresividade na carga tributaria, é dicir, atenta contra o principio de que os que máis teñen máis pagan. O outro principio do que se falaba o inicio desta intervención era o de progresividade.

A previsión de ingresos en concepto de IBI para o 2016 en Barbadás ascende a 1.900.000 euros polo que de aplicar esta medida proposta polo Partido Popular representaría unha merma de enorme contía e imposible de compensar con algún outro tributo.

Teñen falado noutros ámbitos de San Cibrao como exemplo dun concello no que sí xa se aplicou esta medida. Vostedes o que queren é desinformar facendo este tipo de afirmación á cidadanía. Trátase dunha situación que non son comparables xa que San Cibrao ten dous polígonos industriais e un deles un dos máis importantes de toda Galicia e que son precisamente estes polígonos os que permite dar soporte a unha medida deste tipo.

Esta proposta do Partido Popular pretende directamente atentar contra os servizos que presta o Concello á veciñanza. Servizos como son a Gardería Municipal, a Escola de Música, as Escolas Deportivas, a piscina. Atenta contra as achegas ós colectivos culturais e veciñais. En definitiva, supón o desmantelamento do Concello.

Barbadás como todos sabemos, é un municipio cunha poboación moza que precisa conciliar a vida laboral e familiar, que necesita mellorar os servizos que existen actualmente, que necesita redimensionar os mesmos xa que moitas dotacións xa se quedaron pequenas. Con esta proposta do Partido Popular todo isto xa non sería posible.

Resulta evidente que a finalidade desta moción é destruír xa que non aporta nada para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, e pola contra contribúe o deterioro da situación actual obrigando a moitas familias a ter que recorrer ó sector privado para poder atender moitas necesidades.

A sra. Chelo Vispo ten que explicarlle aos veciños e veciñas de Barbadás que servizos ten previsto suprimir e explicar para qué serviría entón o Concello. Vimos aquí nós e os funcionarios e funcionarias a simplemente a firmar certificados de empadramento, así nos quedaríamos.

O Goberno de Barbadás aposta pola contra por unha fiscalidade progresiva de xeito que os impostos sexan xustos e tendo presente sempre a renda e o patrimonio do contribuínte. Non é o mesmo unha familia que cobra a axuda familiar que outra que ten uns ingresos altos.

Este obxectivo de conquistar unha fiscalidade máis xusta acádase mediante a aplicación de bonificacións nos impostos que beneficien ás unidades familiares máis desfavorecidas, é dicir, a aquelas que teñen menos renda.



O Grupo Socialista aposta polo tanto pola modificación para o ano 2016 dun xeito xeneralizado do sistema impositivo do Concello de Barbadás, creando para iso unha comisión integrada por todos os grupos políticos da corporación para así aplicar na fiscalidade local criterios sociolaborais que garantan a progresividade dos impostos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ¿ presenta vostede algunha enmenda?

A sra. Morenza toma a palabra: Si, nós subscribimos a enmenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas, ten a palabra o Tenente Alcalde.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Si, moi brevemente, porque eu creo que xa está todo explicado e dito, o único quero agradecer a posición dos grupos Democracia Ourensana e o Grupo Mixto de coherencia e de responsabilidade, o que está ofrecendo este goberno, o que están facendo os dous grupos políticos que forman parte do goberno, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista é a posibilidade precisamente de negociar entre todas as forzas políticas con representación neste Concello, de negociar con vos, un sistema tributivo máis xusto socialmente, onde pague máis quen máis ten e onde reciban máis servizos aquelas familias que o precisan. E para iso temos que ter un sistema tributario progresivo máis xusto socialmente. A portavoz de Democracia Ourensana nos deu algunhas sinais de cal é o camiño que debemos tomar, nós convidámola a participar nesta comisión especial de facenda para que faga todas esas aportacións que ela coñece perfectamente pola súa actividade profesional, e entre todos os grupos políticos, digo entre todos , os que estamos no goberno e os que non están no goberno poder chegar a acordos para que haxa un sistema tributario e un sistema impositivo en Barbadás máis xusto para toda a veciñanza, en todo caso referíndome a proposta que fai o Partido Popular, eu creo que isto, en contra do que fai Democracia Ourensana e o Grupo Mixto eu creo que é un exercicio de terrible cinismo político. Porque o Partido Popular puido ter aplicado estas medidas dende o día 01 de xaneiro do ano 2013, hai que lembrar que a ponencia dos valores catastrais en Barbadás fíxose no ano 2007 e empezou a aplicarse no ano 2008, segundo a lei de orzamentos do Estado, estas reducións nos valores catastrais pódense aplicar dende o quinto ano dende a aplicación das ponencias de revisión dos valores catastrais, é dicir, dende o día 01 de xaneiro tiveron vostede oportunidade de facer isto que nos están pedindo agora a nós cando levamos no goberno menos de 30 días, por certo tamén, faltando pouquisimos días para que remate o prazo para poder aplicar esta medida, eu creo que non vou incidir máis no que supón socialmente unha redución lineal do 30% do 29% en todos os valores catastrais deste Concello, que ía supor a asfíxia económica



para o Concello de Barbadás e impedir a este grupo de goberno realizar ningún tipo de política, nin social, nin educativa, nin cultural, nin deportiva, que é precisamente o que pretende o Partido Popular, que non teñamos capacidade de actuación como goberno municipal, queren converter este goberno unicamente nunha institución burocrática, como dicía Victoria para vir aquí a pedir un certificado de empradroamento e nós iso non o podemos consentir polo ben da veciñanza, entón eu convido tamén ao Partido Popular a participar nesta comisión especial de facenda, que fagan as aportacións que queiran facer e onde todos saibamos a que veciños estamos defendendo, porque creo que xa quedou explícito por parte de Ánxela e por parte de Victoria, tamén por parte dos grupos da oposición que isto beneficia a quen máis ten, e non só polo valor catastral dos bens si non que tamén ía a beneficiar a aqueles construtores e aquelas inmobiliarias que teñen dez, catorce, quince, vinte propiedades sen vender, sen embargo as persoas que só temos unha propiedade, se que nos ía afectar so na parte proporcional da nosa, é dicir se ía a ver máis beneficiado que ten máis propiedades no noso Concello, pois a nosa proposta é a inversa, beneficiar a quen menos ten.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas

A sra. Ánxela toma a palabra: ¿podería facer unha rectificación? Eu antes dixen que non a metía como moción, pero estou pensando en métela se pode ser, si estou aínda a tempo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, vótase a aceptación como moción, votamos a inclusión na orde do día como moción da enmenda de substitución presentado polo Bloque Nacionalista Galego na que se indica que se inste ao Goberno do Concello de Barbadás para que durante o ano 2015 convoque unha comisión especial de facenda con representación de todos dos grupos políticos do Concello de Barbadás para estudar o sistema impositivo do Concello e establecer medidas correctoras que permitan introducir factores sociolaborais para garantir un sistema máis progresivo dos tributos municipais. ¿votos a favor?, ¿votos en contra? ¿abstencións?.

Ben, queda aprobada tamén a consideración como moción a enmenda antes mencionada, como moción na inclusión do orde do día.

Ten a palabra a voceira do Partido Popular, ten tres minutos

A sra. Vispo toma a palabra: Bueno, me hablan ustedes, tanto PSOE como BNG como Grupo Mixto de coherencia e transparencia, perdón, señor Padrón, rectifico, PSOE e BNG coherencia e transparencia, durante oito anos estiveron na oposición, eu entereime desta proposta polos periódicos e polo Concello limítrofe de San Cibrao das Viñas, e púxenme a traballar, púxenme a traballar cunha reunión con catastro onde nos informamos do que podíamos rebaixar o valor catastral aos cidadáns de



Barbadás, é un 29%, en ningún momento o Partido Popular é incoherente, en ningún momento, que quede moi claro, non imos a rebaixar os servizos deste Concello, o que sí facemos son os deberes de que vostedes deberían facer durante estes catro anos, e non irse de vacacións, que leva quince días traballando neste Concello ou tres semanas e a coherencia es a seguinte, nós fixemos as contas e estes 550.000 euros, nos sei se saben que dende o ano 2008 a base impoñible para chegar o valor catastral que se puxo no seu momento ata alcanzar no 2017 o valor catastral real remitido pola Dirección Xeral de Catastro en febreiro do 2008 va subindo un 10% a base impoñible, é dicir que no ano 2016 e 2017 a base impoñible subiría un 10% é dicir un 20% que xa non teríamos que baixar, é dicir se suprimimos e aceptamos este 29% nos quedaría soamente unha rebaixa dun 9% isto é así coa Dirección Xeral de Catastro. Despois hai máis deberes que fixemos, hai novas edificacións neste Concello, calculando máis ou menos un baremo pois de 400 ou 500 edificacións novas pode haber un incremento de 200.000 euros máis ou menos aproximados, é dicir eses 200.000 euros máis as contas anteriores, xa non temos perdida económica nesas 550.000 euros, a parte temos un informe do presuposto do ano 2015 que sí hai que lelo, sobre todo cando se goberna y é que temos supresións de facturas recoñecidas, como a de Viaqua que isto está no presuposto do ano 2015, que ascende a 100.000 euros é dicir outros 100.000 euros a maiores, que estes 550.000 euros non terían que rebaixarse, é dicir o Partido Popular é coherente e non temos que rebaixar ningunha medida no Concello, nin deixar como vostede día Señora Ánxela aos nenos sen gardería, durante oito anos vostedes tamén han podido tomar esta medida, de baixar o valor catastral no ano 2013, eu o fixen en catro días, tiven unha reunión en catastro, fixen os deberes, e nesas 550.000 euros non fai falla quitar ningún servizo a este Concello, os cidadáns teñen que estar enterados de que sí lle podemos baixar, é unha lei Estatal, nós estamos de acordo con isto e cando vostedes queiran negociamos o que vostedes digan, a iso ven o Partido Popular a seguir traballando pola cidadanía, neste momento aos cidadáns de Barbadás podemoslle rebaixar un 29%, que iríamos a un 9% si ese 10% 2016 e 2017, Señor Padrón está cumprindo o 15%, menos do 15% , no que vostede prometeu no seu pacto, entón que saiba que non quitamos ningún servizo, estoulle informando das dúbidas que vostede tiña, igual que nós fixemos os deberes a cidadanía ten ata o 31 de xullo a instar o Partido Popular ao Concello ao Grupo de Goberno, PSOE e BNG e díganlle vostedes a cidadanía que non llo van a baixar porque entenden que van a baixar servizos, de ningunha maneira hai que baixar servizos, hai que facer os deberes, e saber de onde se saca a diñeiro, incluso dígolle máis ata 270.000 euros se o transporte metropolitano no ano 2016 se pon en marcha, e non dubide que o Partido Popular vai a estar detrás para que iso se faga, e



seguiríamos así, se quere lle sigo facendo as contas, os deberes os temos feitos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo xa cumpriu os tres minutos.

A sra. Vispo toma a palabra: Como ve si está ahí, e aparte está nos orzamentos, o sexa que a cidadanía dígalle a verdade, a transparencia

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, señora Chelo, xa falou os tres minutos, incluso máis.

A sra. Vispo toma a palabra: Perdón

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón ten a palabra.

O sr. Padrón toma a palabra: Si, efectivamente nós prometemos un 15% de rebaixa nos impostos, nas bonificacións, claro o que nos sorprendeu do tema este é que vamos a un 29%, entón nós, a ver o que me dí aquí a voceira do Partido Popular pois si facendo esas contas está claro que si perdemos 550.000 euros por un lado e os recuperamos por outro lado, pois aquí paz e despois gloria. Pero eu estiven hoxe no Concello, e me estiven informando e non me dixeron que era factible, o sexa a día de hoxe perder 600.000 ou 500.000 euros que non se dan recuperado, por outro lado o único se van nos impostos, entón eu creo que si é vontade de todos os que estamos aquí, que efectivamente, porque nós xa o dixen ao principio estamos de acordo en que se rebaixen os valores catastrais, porque se a lei o ordena, o Estado o dí, será porque hai unha anomalía e punto, despois no debate este de que si uns pagan máis outros menos, pois sí, será verdade, que haberá moita xente que se beneficie evidentemente das rebaixas dos impostos, hai moita xente, tamén hai que pensar nas persoas maiores que se quedaron con casas dos pais, que se quedaron con propiedades que teñen unha renda baixa e sen embargo están pagando impostos de o mellor catro ou cinco casas, e non son xente con poder adquisitivo moi grande, están cobrando unha pensión, ¿ que pasa? Que lle deixaron os pais unha casa, os tíos outra casa, agora non a dan vendido, porque aínda por riba o valora catastral está moi grande, home eu casos deses coñecémolos todos. O sexa que neste dos impostos non se pode un fixar nunha esquina solo, ou noutro extremo porque na maioría están no medio. Eu creo que si a vontade de todos e buscar que o Concello non perda servizos e que haxa unha rebaixa nos impostos evidentemente, eu creo que esta semana nos deberíamos reunir os voceiros e falar este tema, porque se non isto o final é un dialogo de xordos, vostedes din unha cousa, outros din outra cousa, intervención din outra cousa, entón eu sinto moito.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Imos a ver, o tema dos valores catastrais hai que adaptarse a realidade de como está o mercado, a realidade pois volvo a repetilo por segunda vez, o mercado



baixou moitísimo, en torno a un 30% témonos que adaptar, en canto día a Señora Victoria que hai casas que pagan 600 euros de contribución e outros 50, pois entón que uns se van a beneficiar máis e outros menos, iso é unha tontería porque a lei é para todo o mundo igual, o que sí o Concello o que tería que facer o mellor é a xente con menos rendas pois axudalas, en proporción, pero non meter a todos no mesmo saco, porque bueno o que gasta 600.000 euros é porque tamén os traballou para conseguilos e temos que pagar, iso por un lado, volvo a repetir o que dí o señor Padrón ten razón era unha boa idea a de xuntarnos todos, e chegar a algo, a algún acordo por que é algo moi importante para os veciños, pero digo que isto témolo que mirar, por que estamos fastidiando a moitas persoas, vasta que a vostede señor Alcalde, imaxínese que lle deixan un piso en herdanza e que ten un valor catastral de 140.000 euros co vende en 90 e o que compra paga unha complementaria de 3.000 ou 4.000 euros, ¿a vostede lle parece xusto?, pois non, pois se seguimos como estabamos agora, vai a a pasar isto, porque está pasando e o diñeiro volvo repetir, ese diñeiro vai para a Xunta non queda no Concello, temos que facer dalgunha forma que o diñeiro nos quede a nós, e beneficiar aos veciños, isto é un dialogo absurdo, porque temos que adaptarnos ao mercado, a realidade social de hoxe en día.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina, ten a palabra a voceira do BNG.

A sra. Ánxela toma a palabra: Bueno, en primeiro lugar chámame moito a atención que Doña Chelo Vispo faga os deberes en catro días, cando nos os fixo en oito anos, polo que se ve, porque isto dende o ano 2008 se podía haber feito, no 2013 podíase haber feito, vostede non o fixo ata agora que se encontra na oposición entón nos dí que nós non fixemos os deberes e vostede sí, voulle demostrar que si os fixemos, mire coherencia e transparencia, mírese a un espello e mire a ver si se ve, porque transparencia vostede nada, nada, porque da súa xestión municipal que falaremos noutro momento, cando vostede queira, ou máis adiante para ver como fixo vostede as contas, en canto isto voulle explicar unha cousa, o valor catastral estaba sobre dimensionado polo tema da burbulla inmobiliaria, por iso se subiu a base impositiva, si ía facendo progresiva a base impositiva, agora como a burbulla inmobiliaria rompeu pois hai que actualizar o valor catastral das vivendas, hasta hai estamos de acordo todos, polo tanto unha vez que este actualizado a base impositiva do 10% xa non se aplica o cal os seus deberes están feitos regular, non me perdo, non me perdo, eu en ningún momento a insultei, só lle estou falando das actitudes, vostede antes dixo que lle estamos pedindo coherencia e transparencia e eu lle estou dicindo que a súa coherencia e transparencia ao longo destes oito anos de goberno non existiu, que cando queiras falamos das súas contas, e que estas contas de novo as fixo mal, estas, non non me estou referindo á interventora estoume referindo a vostede, nos datos que deu, a base



impoñendo foi subindo un 10% cada ano porque no momento en que se fixo o tema do valor catastral, nese momento había a burbulla inmobiliaria e a día de hoxe está sobredimensionado o valor no mercado, das vivendas polo tanto si se actualiza a referencia si se a actualiza a base imponible xa non se fai, a subida do 10% porque xa está actualizada, e a perda son como dixo a interventora antes de entorno a 600.000 euros que perde o Concello e efectivamente iso supón pechar servizos que se están ofrecendo á cidadanía, e se non explíqueme vostede porque non fixo estes deberes cando os tiña que facer no ano 2013, iso aínda non o explicou, vostede trae esta moción aquí hoxe, que pasa que no ano 2013 non facía os deberes, non se enteraba e agora enterouse,

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: A señora Consuelo Vispo non pode ter unha variña máxica que garantice que estes preto de 600.000 euros non se van perder, non ten unha variña máxica, non nos empece a facer os contos da leiteira, 200.000 euros de anos anteriores, falarnos do transporte metropolitano, de Viagua, vostede Señora Consuelo Vispo, vostede, ao goberno ao que pertence deixou as arcas, vostede pertence a un goberno aínda que non fora concelleira de facenda, e estivo nese goberno oito anos, non nos veña agora con escusas baratas, non nos veña con variñas máxicas nin con contas da leiteira que estamos falando dos petos dos veciños e das veciñas de Barbadás, e en alusión da crítica que fai a compañeira Fina Valeras dicirlle que bueno evidentemente xa o explicamos por activa e por pasiva, que o sistema tributario e progresivo e xusto iso é o que defendemos que o que máis pagan, os que máis teñen son os que máis pagan, é así, en España é así, a constitución está aprobada dende fai moitos anos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Só quero aclarar un par de cuestións moi brevemente, base imponible non é igual a base liquidable, a base imponible do imposto do IBI non é igual que a base liquidable, primeira cuestión porque vostede está confundindo o termos e está confundido o todo o público asistente e aos membros da corporación, e non é o mesmo, segunda cuestión, incremento dos valores catastrais dende a ponencia do ano 2007 que se levou a cabo en Barbadás progresivamente no período 2008-2017 que se sigue levando a cabo, significa un aumento gradual do 10% cada ano, pero non significa que aumente o valor catastral un 10% cada ano, significa que o incremento do valor catastral se aplica de forma proporcional un 10% cada ano, que é moi diferente ao outro, polo tanto a suma de tres anos de incrementos non da o 10% de referencia do valor inicial, non o da, non o da. Segunda cuestión di vostede que traballou moito e fixo os deberes nestes últimos catro días, que



magoa que non o fixera nos últimos oito anos do que formou parte dun goberno municipal neste Concello que tiña maioría absoluta, eu xa non digo no ano 2013-2014, ¿porqué non o fixeron ata o 24 de maio de 2015? ¿porqué o fan o 14 de xullo?¿ que mudou dende hai un mes e medio en Barbadás para que vostedes se sensibilicen tanto cos propietarios das vivendas no noso Concello?. Explíqueo porque non nos quedou nada claro, a non ser que haxa unha clara intención de afogar e de asfixiar a este novo Goberno, redución do IBI, é certo en este Concello reduciuse o IBI do 0,5% ao 0,4%, ¿qué supón esta redución? Por certo solicitada sistematicamente os últimos oito anos polo Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista, significa que este ano os veciños do Concello de Barbadás, van a pagar un 20% menos polo seu IBI, van pagar un 20% , porque do 0,4% o 0,5% é unha redución dun 20%, si ou non, co cal eu creo que este ano está máis que compensado para este ano 2015 a redución do imposto sobre bens inmobles, e para os anos 2016 e vindeiros, repito o que fai este grupo de goberno é convidámoslos a vostedes a sentarse nunha mesa negociadora para reformar o sistema impositivo do Concello de Barbadás, non ó IBI se non todos os impostos, e facelos progresivos e xustos socialmente e hay veremos quen defende a quen, e quen está aquí para defender os intereses dos grandes propietarios ou os intereses dos pequenos propietarios.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, remataron os turnos de intervención sométese esta moción a votación, ¿votos a favor?, ¿votos en contra?, ¿abstencións?

Sen máis sométese a moción a votación resultando cos votos **votos a favor do** Partido Popular e de Democracia Ourensana, os **votos en contra** BNG e do PSdeG-PSOE, e a **abstención** do Grupo Mixto, quedando **REXEITADA** por o voto de calidade do Alcalde, o seguinte acordo: “ **Moción do PP de Barbadás solicitando a catastro a redución da ponencia de valores catastrais do Concello de Barbadás.**

O sr. Alcalde toma a palabra: Agora vaise a votar a enmenda de substitución, xa se votou que se convertía en moción e agora hai que votala., ¿votos a favor?, ¿votos en contra? ¿ abstencións?

Sen máis sométese a moción a votación resultando cos votos **a favor do** BNG e do PSdeG-PSOE, os **votos en contra do** Partido Popular e de Democracia Ourensana, e a **abstención** do Grupo Mixto, quedando **APROBADA** por o voto de calidade do Alcalde, o seguinte acordo: “ **Enmenda de substitución co seguinte texto : Instase ao Goberno do Concello de Barbadás para que durante**



CONCELLO DE BARBADÁS

o ano 2015 convoque unha comisión especial de Facenda con representación de todos os grupos políticos do Concello de Barbadás para estudar o sistema impositivo do Concello e establecer medidas correctoras que permitan introducir factores sociolaborais para garantir un sistema máis progresivo dos tributos municipais“

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 17:20 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL